

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14046 *Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Desde o 1 de xullo de 2016 é de aplicación o Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

A Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, que supuxo a transposición ao ordenamento xurídico español da derrogada Directiva 1999/93/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 1999, pola que se establece un marco comunitario para a sinatura electrónica, encóntrase desde aquela xuridicamente desprazada en todo aquilo regulado polo citado regulamento. O obxecto desta lei é, por tanto, adaptar o noso ordenamento xurídico ao marco regulatorio da Unión Europea, evitando así a existencia de baleiros normativos susceptibles de dar lugar a situacións de inseguridade xurídica na prestación de servizos electrónicos de confianza.

A presente lei non realiza unha regulación sistemática dos servizos electrónicos de confianza, que xa foron lexislados polo Regulamento (UE) 910/2014, o cal, por respecto ao principio de primacía do dereito da Unión Europea, non se debe reproducir total ou parcialmente. A función desta lei é complementalo naqueles aspectos concretos que o regulamento non harmonizou e cuxo desenvolvemento prevé nos ordenamentos dos diferentes Estados membros, cuxas disposicións deben ser interpretadas de acordo con el.

II

No canto dunha revisión da Directiva 1999/93/CE, a elección dun regulamento como instrumento lexislativo polo lexislador europeo, de aplicación directa nos Estados membros, estivo motivada pola necesidade de reforzar a seguridade xurídica no seo da Unión; dese xeito remata coa dispersión normativa provocada polas transposicións da citada directiva nos ordenamentos xurídicos internos a través de leis nacionais, que provocara unha importante fragmentación e imposibilitara a prestación de servizos transfronteirizos no mercado interior, agravada polas diferenzas nos sistemas de supervisión aplicados en cada Estado membro.

Así, mediante o Regulamento (UE) 910/2014, perséguese regular nun mesmo instrumento normativo de aplicación directa nos Estados membros dúas realidades, a identificación e os servizos de confianza electrónicos en sentido amplo, harmonizando e facilitando o uso transfronteirizo dos servizos en liña, públicos e privados, así como o comercio electrónico na UE, e contribuíndo así ao desenvolvemento do mercado único dixital.

Por unha banda, no ámbito da identificación electrónica, o regulamento instaura a aceptación mutua, para o acceso aos servizos públicos en liña, dos sistemas nacionais de identificación electrónica que fosen notificados á Comisión Europea por parte dos Estados membros, co obxecto de facilitar a interacción telemática segura coas administracións públicas e a súa utilización para a realización de trámites transfronteirizos, eliminando esta barreira electrónica que excluía os cidadáns do desfrute pleno dos beneficios do mercado interior.

Por outra parte, introduce a regulación harmónica de novos servizos electrónicos cualificados de confianza, adicionais á tradicional sinatura electrónica, tales como o selo electrónico de persoa xurídica, o servizo de validación de sinaturas e selos cualificados, o servizo de conservación de sinaturas e selos cualificados, o servizo de selaxe electrónica de tempo, o servizo de entrega electrónica certificada e o servizo de expedición de certificados de autenticación web, que poden ser combinados entre si para a prestación de servizos complexos e innovadores.

Establécese un réxime xurídico específico para os citados servizos electrónicos de confianza cualificados, consecuente coas elevadas exixencias de supervisión e seguridade que soportan, e cuxo reflexo é a singular relevancia probatoria que posúen respecto dos servizos non cualificados. Refórzase así a seguridade xurídica das transaccións electrónicas entre empresas, particulares e administracións públicas.

III

A aplicabilidade directa do regulamento non priva os Estados membros de toda capacidade normativa sobre a materia regulada, é máis, aqueles están obrigados a adaptar os ordenamentos nacionais para garantir que aquela calidade se faga efectiva. Esta adaptación pode exixir tanto a modificación ou derogación de normas existentes como a adopción de novas disposicións chamadas a completar a regulación europea.

En tal sentido, o obxectivo da presente lei, como se indicaba *ut supra*, é complementar o Regulamento (UE) 910/2014 naqueles aspectos que este non harmonizou e que se deixan ao criterio dos Estados membros. Por tanto, a lei abstense de reproducir as previsións do regulamento e aborda unicamente aquelas cuestións que a norma europea remite á decisión dos Estados membros ou que non se encontran harmonizadas, e adquire así a regulación coherencia e sentido no marco da normativa europea.

Así, en virtude do principio de proporcionalidade, esta lei contén a regulación imprescindible para cubrir aqueles aspectos previstos no Regulamento (UE) 910/2014, como é o caso, entre outros, do réxime de previsión de risco dos prestadores cualificados, do réxime sancionador, da comprobación da identidade e dos atributos dos solicitantes dun certificado cualificado, da inclusión de requisitos adicionais a nivel nacional para certificados cualificados, tales como identificadores nacionais ou o seu tempo máximo de vixencia, así como das condicións para a suspensión dos certificados.

O Regulamento (UE) 910/2014 garante a equivalencia xurídica entre a sinatura electrónica cualificada e a sinatura manuscrita, pero permite aos Estados membros determinar os efectos das outras sinaturas electrónicas e dos servizos electrónicos de confianza en xeral. Neste aspecto, modifícase a regulación anterior ao atribuír aos documentos electrónicos para cuxa produción ou comunicación se utilizase un servizo de confianza cualificado unha vantaxe probatoria. A este respecto, simplifícase a proba, pois abonda a simple constatación da inclusión do citado servizo na lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos regulada no artigo 22 do Regulamento (UE) 910/2014.

Polo que respecta aos certificados electrónicos, introdúcense na lei varias disposicións relativas á expedición e ao contido dos certificados cualificados, cuxo tempo máximo de vixencia se mantén en cinco anos. Neste sentido, non se lles permite aos prestadores de servizos o denominado «encadeamento» na renovación de certificados cualificados utilizando un vixente, máis ca unha única vez, por razóns de seguridade no tráfico xurídico. Sen prexuízo do anterior, o Regulamento (UE) 910/2014 recolle a posibilidade de verificación da identidade do solicitante dun certificado cualificado utilizando outros

métodos de identificación recoñecidos a escala nacional que garantan unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física. Facéndose eco desta previsión, a lei habilita para que regulamentariamente se establezan as condicións e os requisitos técnicos que o farían posible.

Os certificados cualificados expedidos a persoas físicas incluírán o número de documento nacional de identidade, o número de identidade de estranxeiro ou o número de identificación fiscal, salvo nos casos en que o titular careza de todos eles. A mesma regra se aplica canto ao número de identificación fiscal das persoas xurídicas ou sen personalidade xurídica titulares de certificados cualificados que, na falta deste, deben utilizar un código que as identifique de xeito unívoco e permanente no tempo, tal como se recolla nos rexistros oficiais.

No que se refire ás obrigas dos prestadores, a lei establece o requisito de constitución dunha garantía económica para a prestación de servizos cualificados de confianza. Fíxase unha contía mínima única de 1.500.000 euros, que se incrementa en 500.000 euros por cada tipo de servizo adicional que se preste, o que se considera suficiente para cubrir os riscos derivados do servizo, ten en conta a diversidade de servizos no mercado e non penaliza os prestadores con maior oferta.

Unha das exixencias do Regulamento (UE) 910/2014 céntrase en garantir a seguridade dos servizos de confianza fronte a actos deliberados ou fortuítos que afecten os seus produtos, redes ou sistemas de información. Neste sentido, todos os prestadores de servizos de confianza, cualificados e non cualificados, están sometidos á obriga de adoptar as medidas técnicas e organizativas adecuadas para xestionar os riscos para a seguridade dos servizos de confianza que prestan, así como de notificar ao órgano de supervisión calquera violación da seguridade ou perda da integridade que teña un impacto significativo no servizo de confianza prestado. Esta lei sanciona o incumprimento das citadas obrigas.

En resposta á evolución da tecnoloxía e ás demandas do mercado, o Regulamento (UE) 910/2014 abre a posibilidade de prestación de servizos innovadores baseados en solucións móbiles e na nube, como a sinatura e o selo electrónicos remotos, nos cales o contorno é xestionado por un prestador de servizos de confianza en nome do titular. Co fin de garantir que estes servizos electrónicos obteñan o mesmo recoñecemento xurídico ca aqueles utilizados nun contorno completamente xestionado polo usuario, estes prestadores deben aplicar procedementos de seguridade específicos e utilizar sistemas e produtos fiables, incluídas as canles de comunicación electrónica seguras, para garantir que o contorno é fiable e se utiliza baixo o control exclusivo do titular. Preténdese alcanzar así un equilibrio entre a facilidade para o acceso e o uso dos servizos, sen detrimento da seguridade.

IV

Esta lei derroga a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e con ela aqueles preceptos incompatibles co Regulamento (UE) 910/2014.

Así sucede cos antigos certificados de sinatura de persoas xurídicas, introducidos pola citada Lei de sinatura electrónica. O novo paradigma instaurado polo mencionado regulamento implica que unicamente as persoas físicas están capacitadas para asinar electronicamente, polo que non prevé a emisión de certificados de sinatura electrónica a favor de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica. A estas resérvanse os selos electrónicos, que permiten garantir a autenticidade e integridade de documentos tales como facturas electrónicas. Sen prexuízo do anterior, as persoas xurídicas poderán actuar por medio dos certificados de sinatura daquelas persoas físicas que legalmente as representen.

A lei permite a posibilidade de que o órgano supervisor manteña un servizo de difusión de información sobre os prestadores cualificados que operan no mercado, co fin de proporcionarlles aos usuarios información útil sobre os servizos que ofrecen no desenvolvemento da súa actividade.

Mediante a presente lei derrógase tamén o artigo 25 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, referido aos terceiros de

confianza, debido a que os servizos ofrecidos por este tipo de provedores están subsumidos nos tipos regulados polo Regulamento (UE) 910/2014, fundamentalmente nos servizos de entrega electrónica certificada e de conservación de sinaturas e selos electrónicos.

V

Ben que a prestación de servizos electrónicos de confianza se realiza en réxime de libre competencia, o Regulamento (UE) 910/2014 prevé, para os servizos cualificados, un sistema de verificación previa de cumprimento dos requisitos que nel se imponen. Así, deseñase un sistema mixto de colaboración público-privada para a supervisión dos prestadores cualificados, pois a súa inclusión na lista de confianza, que permite iniciar esa actividade, debe basearse nun informe de avaliación da conformidade emitido por un organismo de avaliación acreditado por un organismo nacional de acreditación, establecido nalgún dos Estados membros da Unión Europea. A partir de entón, os prestadores cualificados deberán remitir o citado informe polo menos cada vinte e catro meses.

Pola súa parte, os prestadores de servizos non cualificados poden prestar servizos sen verificación previa do cumprimento de requisitos, sen prexuízo da súa suxeición ás potestades de seguimento e control posterior da Administración. Non obstante, deberán comunicar ao órgano supervisor a prestación do servizo no prazo de tres meses desde que inicien a súa actividade, para os simples efectos de coñecer a súa existencia e posibilitar a súa supervisión.

Por último, defínese o réxime sancionador aplicable aos prestadores cualificados e non cualificados de servizos electrónicos de confianza, sen prexuízo da posibilidade xa prevista no artigo 20.3 do Regulamento (UE) 910/2014 de retirarlle a cualificación ao prestador ou servizo que presta, e a súa exclusión da lista de confianza, en determinados supostos. Así mesmo, adecuáronse as contías das sancións reducindo á metade a máxima impositiva respecto da lexislación anterior e previuse a división en tramos da grella sancionadora para a determinación da multa impositiva, en atención aos criterios de gradación concurrentes.

VI

Consonte todo o anterior, a presente lei contén vinte artigos, catro disposicións adicionais, dúas transitorias, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras.

As disposicións adicionais refírense: a primeira, á fe pública e aos servizos electrónicos de confianza; a segunda, aos efectos xurídicos dos sistemas utilizados nas administracións públicas; a terceira, ao documento nacional de identidade e aos seus certificados electrónicos, e a cuarta, ao segredo da identidade dos membros do Centro Nacional de Intelixencia.

A disposición transitoria primeira refírese á comunicación de actividade por parte de prestadores de servizos non cualificados xa existentes e a disposición transitoria segunda mantén en vigor o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, o cal constitúe o desenvolvemento regulamentario parcial da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Nas disposicións derradeiras modifícanse diversas leis. Na primeira, a Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, de xeito que as empresas que presten servizos ao público en xeral de especial transcendencia económica deberán dispor dun medio seguro de interlocución telemática, non necesariamente baseado en certificados electrónicos. Con iso flexibilízase a norma e dáse cabida a outros medios de identificación xeralmente usados no sector privado.

Na disposición derradeira segunda modifícase a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, co obxecto de adaptala ao novo marco regulatorio dos servizos electrónicos de confianza definido nesta lei e no Regulamento (UE) 910/2014.

Na disposición derradeira terceira modifícase a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, para adaptar a súa regulación ao Regulamento (UE) 2019/1150 do Parlamento Europeo e do Consello, referente a plataformas dixitais.

Na disposición derradeira cuarta introdúcese unha nova disposición adicional sétima na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, para adaptar a súa regulación ao Regulamento (UE) 2018/302 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre medidas destinadas a impedir o bloqueo xeográfico inxustificable e outras formas de discriminación por razón da nacionalidade, do lugar de residencia ou do lugar de establecementos dos clientes no mercado interior.

A disposición derradeira quinta contén o título competencial, en virtude do cal a Lei se dita ao abeiro das competencias exclusivas que corresponden ao Estado en materia de lexislación civil, telecomunicacións e seguridade pública, conforme o artigo 149.1.8.^a, 21.^a e 29.^a da Constitución española. O artigo 3 e a disposición derradeira segunda dítanse, ademais, ao amparo do previsto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, o cal atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación procesual. Pola súa parte, a disposición adicional segunda dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, en relación coa competencia estatal exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Finalmente, as disposicións derradeiras sexta e sétima refírense ao desenvolvemento regulamentario da lei e á súa entrada en vigor, respectivamente.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

A presente lei ten por obxecto regular determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza, como complemento do Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei aplicarase aos prestadores públicos e privados de servizos electrónicos de confianza establecidos en España.

Así mesmo, aplicarase aos prestadores residentes ou domiciliados noutro Estado que teñan un establecemento permanente situado en España, sempre que ofrezan servizos non supervisados pola autoridade competente doutro país da Unión Europea.

Artigo 3. *Efectos xurídicos dos documentos electrónicos.*

1. Os documentos electrónicos públicos, administrativos e privados teñen o valor e a eficacia xurídica que corresponda á súa respectiva natureza, de conformidade coa lexislación que lles resulte aplicable.

2. A proba dos documentos electrónicos privados nos cales se utilizase un servizo de confianza non cualificado rexerese polo disposto no número 3 do artigo 326 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. De o servizo ser cualificado, observarase o previsto no número 4 do mesmo precepto.

TÍTULO II

Certificados electrónicos

Artigo 4. *Vixencia e caducidade dos certificados electrónicos.*

1. Os certificados electrónicos extínguense por caducidade ao remate do seu período de vixencia, ou mediante revogación por parte dos prestadores de servizos electrónicos de confianza nos supostos previstos no artigo seguinte.

2. O período de vixencia dos certificados cualificados non será superior a 5 anos.

Este período fixarase en atención ás características e á tecnoloxía empregada para xerar os datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web.

Artigo 5. *Revogación e suspensión dos certificados electrónicos.*

1. Os prestadores de servizos electrónicos de confianza extinguirán a vixencia dos certificados electrónicos mediante a revogación nos seguintes supostos:

a) Solicitud formulada polo asinante, pola persoa física ou xurídica representada por este, por un terceiro autorizado, o creador do selo ou o titular do certificado de autenticación de sitio web.

b) Violación ou posta en perigo do segredo dos datos de creación de sinatura ou de selo, ou do prestador de servizos de confianza, ou de autenticación de sitio web, ou utilización indebida deses datos por un terceiro.

c) Resolución xudicial ou administrativa que o ordene.

d) Falecemento do asinante, capacidade modificada xudicialmente sobrevida, total ou parcial, do asinante; extinción da personalidade xurídica ou disolución do creador do selo no caso de se tratar dunha entidade sen personalidade xurídica, e cambio ou perda de control sobre o nome de dominio no suposto dun certificado de autenticación de sitio web.

e) Remate da representación nos certificados electrónicos con atributo de representante. Neste caso, tanto o representante como a persoa ou entidade representada están obrigados a solicitar a revogación da vixencia do certificado en canto se produza a modificación ou extinción da citada relación de representación.

f) Cesamento na actividade do prestador de servizos de confianza salvo que a xestión dos certificados electrónicos expedidos por aquel sexa transferida a outro prestador de servizos de confianza.

g) Descubrimento da falsidade ou inexactitude dos datos achegados para a expedición do certificado e que consten nel, ou alteración posterior das circunstancias verificadas para a expedición do certificado, como as relativas ao cargo.

h) En caso de que se advirta que os mecanismos criptográficos utilizados para a xeración dos certificados non cumpren os estándares de seguridade mínimos necesarios para garantir a súa seguridade.

i) Calquera outra causa lícita prevista na declaración de prácticas do servizo de confianza.

2. Os prestadores de servizos de confianza suspenderán a vixencia dos certificados electrónicos nos supostos previstos nas letras a), c) e h) do número anterior, así como nos casos de dúbida sobre a concorrencia das circunstancias previstas nas súas letras b) e g), sempre que as súas declaracións de prácticas de certificación prevexan a posibilidade de suspender os certificados.

3. De ser o caso, e de xeito previo ou simultáneo á indicación da revogación ou suspensión dun certificado electrónico no servizo de consulta sobre o estado de validez ou revogación dos certificados por el expedidos, o prestador de servizos electrónicos de confianza comunicará ao titular, por un medio que acredite a entrega e recepción efectiva sempre que sexa factible, esta circunstancia, especificando os motivos e a data e a hora en que o certificado quedará sen efecto.

Nos casos de suspensión, a vixencia do certificado extinguirase se, transcorrido o prazo de duración da suspensión, o prestador non a levántase.

Artigo 6. Identidade e atributos dos titulares de certificados cualificados.

1. A identidade do titular nos certificados cualificados consignarase do seguinte xeito:

a) No suposto de certificados de sinatura electrónica e de autenticación de sitio web expedidos a persoas físicas, polo seu nome e apelidos e polo seu número de documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro ou número de identificación fiscal, ou a través dun pseudónimo que conste como tal de maneira inequívoca. Os números anteriores poderanse substituír por outro código ou número identificativo unicamente en caso de que o titular careza de todos eles por causa lícita, sempre que o identifique de forma unívoca e permanente no tempo.

b) No suposto de certificados de selo electrónico e de autenticación de sitio web expedidos a persoas xurídicas, pola súa denominación ou razón social e polo seu número de identificación fiscal. Na falta deste, deberase indicar outro código identificativo que o identifique de forma unívoca e permanente no tempo, tal como se recolla nos rexistros oficiais.

2. Se os certificados admiten unha relación de representación, incluírán a identidade da persoa física ou xurídica representada nas formas previstas no número anterior, así como unha indicación do documento, público se resulta exixible, que acredite de forma fidedigna as facultades do asinante para actuar en nome da persoa ou entidade que represente e, en caso de ser obrigatoria a inscrición, dos datos rexistrados.

Artigo 7. Comprobación da identidade e doutras circunstancias dos solicitantes dun certificado cualificado.

1. A identificación da persoa física que solicite un certificado cualificado exixirá a súa comparecencia ante os encargados de verificala e acreditarase mediante o documento nacional de identidade, pasaporte ou outros medios admitidos en dereito. Poderá prescindirse da comparecencia da persoa física que solicite un certificado cualificado se a súa sinatura na solicitude de expedición dun certificado cualificado foi lexitimada en presenza notarial.

2. Regulamentariamente, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, determinaranse outras condicións e requisitos técnicos de verificación da identidade a distancia e, se procede, outros atributos específicos da persoa solicitante dun certificado cualificado, mediante outros métodos de identificación como vídeoconferencia ou vídeoidentificación, que acheguen unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física segundo a súa avaliación por un organismo de avaliación da conformidade. A determinación das devanditas condicións e requisitos técnicos realizarase a partir dos estándares que, se é o caso, fosen determinados a nivel comunitario.

Serán considerados métodos de identificación recoñecidos a escala nacional, para os efectos do previsto no presente punto, aqueles que acheguen unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física e cuxa equivalencia no nivel de seguridade sexa certificada por un organismo de avaliación da conformidade, de acordo co previsto na normativa en materia de servizos electrónicos de confianza.

3. A forma en que se procedeu a identificar a persoa física solicitante poderá constar no certificado. Noutro caso, os prestadores de servizos de confianza deberán colaborar entre si para determinar cando se produciu a última comparecencia.

4. No caso de certificados cualificados de selo electrónico e de sinatura electrónica con atributo de representante, os prestadores de servizos de confianza comprobarán, ademais dos datos sinalados nos números anteriores, os datos relativos á constitución e personalidade xurídica, e á persoa ou entidade representada, respectivamente, así como a extensión e vixencia das facultades de representación do solicitante mediante os

documentos públicos, de resultaren exixibles, que sirvan para acreditar os aspectos citados de xeito fidedigno e a súa inscrición no correspondente rexistro público, se así resulta exixible. Esta comprobación poderá realizarse, así mesmo, mediante consulta no rexistro público en que estean inscritos os documentos de constitución e de apoderamento, para o cal poderán empregar os medios telemáticos facilitados polos citados rexistros públicos.

5. Cando o certificado cualificado conteña outras circunstancias persoais ou atributos do solicitante, como a súa condición de titular dun cargo público, a súa pertenza a un colexio profesional ou a súa titulación, estas deberán comprobarse mediante os documentos oficiais que as acrediten, de conformidade coa súa normativa específica.

6. O disposto nos números anteriores poderá non ser exixible cando a identidade ou outras circunstancias permanentes dos solicitantes dos certificados lle constasen xa ao prestador de servizos de confianza en virtude dunha relación preexistente, na cal, para a identificación do interesado, se empregase o medio sinalado no número 1 e o período de tempo transcorrido desde a identificación for menor de cinco anos.

7. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital velará por que os prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza poidan contribuír á elaboración da norma regulamentaria prevista no número 2 do presente artigo, de acordo co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

TÍTULO III

Obrigas e responsabilidade dos prestadores de servizos electrónicos de confianza

Artigo 8. Protección dos datos persoais.

1. O tratamento dos datos persoais que precisen os prestadores de servizos electrónicos de confianza para o desenvolvemento da súa actividade e os órganos administrativos para o exercicio das funcións atribuídas por esta lei suxeitarase ao disposto na lexislación aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. Os prestadores de servizos electrónicos de confianza que consignent un pseudónimo nun certificado electrónico deberán constatar a verdadeira identidade do titular do certificado e conservar a documentación que a acredite.

3. Estes prestadores de servizos de confianza estarán obrigados a revelar a citada identidade cando o soliciten os órganos xudiciais e outras autoridades públicas no exercicio de funcións legalmente atribuídas, con suxeición ao disposto na lexislación aplicable en materia de protección de datos persoais.

Artigo 9. Obrigas dos prestadores de servizos electrónicos de confianza.

1. Os prestadores de servizos electrónicos de confianza deberán:

- a) Publicar información veraz e acorde con esta lei e co Regulamento (UE) 910/2014.
- b) Non almacenar nin copiar, por si ou a través dun terceiro, os datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web da persoa física ou xurídica a que prestasen os seus servizos, salvo en caso da súa xestión en nome do titular.

Neste caso, utilizarán sistemas e produtos fiables, incluídas canles de comunicación electrónica seguras, e aplicaranse procedementos e mecanismos técnicos e organizativos adecuados, para garantir que o ámbito sexa fiable e se utilice baixo o control exclusivo do titular do certificado. Ademais, deberán custodiar e protexer os datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web fronte a calquera alteración, destrución ou acceso non autorizado, así como garantir a súa continua dispoñibilidade.

2. Os prestadores de servizos de confianza que expidan certificados electrónicos deberán dispor dun servizo de consulta sobre o estado de validez ou revogación dos certificados emitidos accesible ao público.

3. Os prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza deberán cumprir as seguintes obrigas adicionais:

a) O período de tempo durante o cal deberán conservar a información relativa aos servizos prestados, de acordo co artigo 24.2 h) do Regulamento (UE) 910/2014, será de 15 anos desde a extinción do certificado ou a finalización do servizo prestado.

En caso de que expidan certificados cualificados de selo electrónico ou autenticación de sitio web a persoas xurídicas, os prestadores de servizos de confianza rexistrarán tamén a información que permita determinar a identidade da persoa física a que se entregasen os citados certificados, para a súa identificación en procedementos xudiciais ou administrativos.

b) Constituír un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 1.500.000 euros, agás se o prestador pertence ao sector público. Se presta máis dun servizo cualificado dos previstos no Regulamento (UE) 910/2014, engadiranse 500.000 euros máis por cada tipo de servizo.

A citada garantía poderá ser substituída total ou parcialmente por unha garantía mediante aval bancario ou seguro de caución, de maneira que a suma das cantidades aseguradas sexa coherente co disposto no parágrafo anterior.

As contías e os medios de aseguramento e garantía establecidos nos dous parágrafos anteriores poderán ser modificados mediante real decreto.

c) O prestador cualificado que vaia cesar na súa actividade deberá comunicalo aos clientes a que preste os seus servizos e ao órgano de supervisión cunha antelación mínima de dous meses ao cesamento efectivo da actividade, por un medio que acredite a entrega e recepción efectiva sempre que sexa factible. O plan de cesamento do prestador de servizos pode incluír a transferencia de clientes, unha vez acreditada a ausencia de oposición destes, a outro prestador cualificado, o cal poderá conservar a información relativa aos servizos prestados ata daquela.

Igualmente, comunicará ao órgano de supervisión calquera outra circunstancia relevante que poida impedir a continuación da súa actividade. En especial, deberá comunicar, en canto teña coñecemento diso, a apertura de calquera proceso concursal que se siga contra el.

d) Enviar o informe de avaliación da conformidade ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital nos termos previstos no artigo 20.1 do Regulamento (UE) 910/2014. O incumprimento desta obriga comportará a retirada da cualificación ao prestador e ao servizo que este presta e a súa eliminación da lista de confianza prevista no artigo 22 do citado regulamento, logo de requirimento ao prestador do servizo para que cese no citado incumprimento.

Artigo 10. *Responsabilidade dos prestadores de servizos electrónicos de confianza.*

Os prestadores de servizos electrónicos de confianza asumirán toda a responsabilidade fronte a terceiros pola actuación das persoas ou outros prestadores nos cales deleguen a execución dalgunha ou dalgunhas das funcións necesarias para a prestación de servizos electrónicos de confianza, incluídas as actuacións de comprobación de identidade previas á expedición dun certificado cualificado.

Artigo 11. *Limitacións de responsabilidade dos prestadores de servizos electrónicos de confianza.*

1. O prestador de servizos electrónicos de confianza non será responsable dos danos e perdas ocasionados á persoa a que prestou os seus servizos ou a terceiros de boa fe, se esta incorre nalgún dos supostos previstos no Regulamento (UE) 910/2014 ou nos seguintes:

a) Non ter proporcionado ao prestador de servizos de confianza información veraz, completa e exacta para a prestación do servizo de confianza, en particular, sobre os datos que deban constar no certificado electrónico ou que sexan necesarios para a súa

expedición ou para a extinción ou suspensión da súa vixencia, cando a súa inexactitude non poida ser detectada, actuando coa debida dilixencia, polo prestador de servizos.

b) A falta de comunicación sen demora indebida ao prestador de servizos de calquera modificación das circunstancias que incidan na prestación do servizo de confianza, en particular, aquelas reflectidas no certificado electrónico.

c) Neglixencia na conservación dos seus datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web, no aseguramento da súa confidencialidade e na protección de todo acceso ou revelación destes ou, se é o caso, dos medios que dean acceso a eles.

d) Non solicitar a suspensión ou revogación do certificado electrónico en caso de dúbida en canto ao mantemento da confidencialidade dos seus datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web ou, se é o caso, dos medios que dean acceso a eles.

e) Utilizar os datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web cando remate o período de validez do certificado electrónico ou o prestador de servizos de confianza lle notifique a extinción ou suspensión da súa vixencia.

2. O prestador de servizos de confianza tampouco será responsable polos danos e perdas se o destinatario actúa de forma negligente. Entenderase que o destinatario actúa de forma negligente cando non teña en conta a suspensión ou perda da vixencia do certificado electrónico ou cando non verifique a sinatura ou o selo electrónico.

3. O prestador de servizos de confianza non será responsable polos danos e perdas en caso de inexactitude dos datos que consten no certificado electrónico se estes lle foron acreditados mediante documento público ou oficial, inscrito nun rexistro público se así resulta exixible.

Artigo 12. *Inicio da prestación de servizos electrónicos de confianza non cualificados.*

Os prestadores de servizos de confianza non cualificados non necesitan verificación administrativa previa de cumprimento de requisitos para iniciar a súa actividade, pero deberán comunicar a súa actividade ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital no prazo de tres meses desde que a inicien, que publicará na súa páxina web a listaxe de prestadores de servizos de confianza non cualificados nunha lista diferente á dos prestadores de servizos de confianza cualificados, coa descrición detallada e clara das características propias e diferenciais dos prestadores cualificados e dos prestadores non cualificados.

No mesmo prazo deberán comunicar a modificación dos datos inicialmente transmitidos e o cesamento da súa actividade.

Artigo 13. *Obrigas de seguridade da información.*

1. Os prestadores cualificados e non cualificados de servizos electrónicos de confianza notificarán ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital as violacións de seguridade ou perdas da integridade sinaladas no artigo 19.2 do Regulamento (UE) 910/2014, sen prexuízo da súa notificación á Axencia Española de Protección de Datos, a outros organismos relevantes ou ás persoas afectadas.

2. Os prestadores de servizos teñen a obriga de tomar as medidas necesarias para resolver os incidentes de seguridade que os afecten.

3. Os prestadores de servizos ampliarán, nun prazo máximo dun mes tras a notificación do incidente e, de ter lugar, tras a súa resolución, a información subministrada na notificación inicial conforme as directrices e formularios que poida establecer o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

TÍTULO IV

Supervisión e control*Artigo 14. Órgano de supervisión.*

1. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, como órgano de supervisión, controlará o cumprimento das obrigas establecidas no Regulamento (UE) 910/2014 e nesta lei por parte dos prestadores de servizos electrónicos de confianza cualificados e non cualificados que ofrezan os seus servizos ao público.

2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá acordar as medidas apropiadas para o cumprimento do Regulamento (UE) 910/2014 e desta lei.

En particular, poderá ditar directrices para a elaboración e comunicación de informes e documentos, así como recomendacións para o cumprimento das obrigas técnicas e de seguridade exixibles aos servizos de confianza, así como sobre os requisitos e as normas técnicas de auditoría e certificación para a avaliación da conformidade dos prestadores cualificados de servizos de confianza. Para o efecto, teranse en consideración as normas, instrucións, guías e recomendacións emitidas polo Centro Criptolóxico Nacional no marco das súas competencias, así como os informes, as especificacións ou normas elaboradas pola Axencia de Seguridade das Redes e da Información da Unión Europea (ENISA) ou por organismos de estandarización europeos e internacionais.

Artigo 15. Actuacións inspectoras.

1. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital realizará as actuacións inspectoras que sexan precisas para o exercicio da súa función de supervisión e control. Os funcionarios adscritos ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital que realicen a inspección terán a consideración de autoridade pública no desempeño dos seus labores.

2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá recorrer a entidades independentes e tecnicamente cualificadas para que o asistan nos labores de supervisión e control sobre os prestadores de servizos de confianza que lle asignan o Regulamento (UE) 910/2014 e esta lei.

3. Poderase requirir a realización de probas en laboratorios ou entidades especializadas para acreditar o cumprimento de determinados requisitos. Neste caso, os prestadores de servizos correrán cos gastos que ocasione esta avaliación.

Artigo 16. Mantemento da lista de confianza.

1. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital establecerá, manterá e publicará a lista de confianza con información relativa aos prestadores cualificados de servizos de confianza suxeitos a esta lei, xunto coa información relacionada cos servizos de confianza cualificados prestados por eles, segundo o previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 910/2014.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución no procedemento de verificación previa de cumprimento dos requisitos establecidos no citado regulamento será de 6 meses, transcorridos os cales se poderá entender rexeitada a solicitude.

3. A revogación da cualificación a un prestador ou a un servizo mediante a súa retirada da lista de confianza é independente da aplicación do réxime sancionador.

Artigo 17. Información e colaboración.

1. Os prestadores de servizos de confianza, a entidade nacional de acreditación, os organismos de avaliación da conformidade, os organismos de certificación e calquera outra persoa ou entidade relacionada co prestador de servizos de confianza teñen a obriga de facilitar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital toda a información e colaboración precisas para o exercicio das súas funcións.

Se o organismo de certificación pertencer á Autoridade Nacional de Certificación da Ciberseguridade ou estiver supervisado por ela, acordaranse coa devandita autoridade os mecanismos de colaboración e o contido da información necesaria.

Os prestadores de servizos de confianza deberanlles permitir aos seus funcionarios ou ao persoal inspector o acceso ás súas instalacións e a consulta de calquera documentación relevante para a inspección de que se trate; será de aplicación, se é o caso, o disposto no artigo 8.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Nas súas inspeccións poderán ir acompañados de expertos ou peritos nas materias sobre as que versen aquelas.

2. A información referente aos prestadores cualificados de servizos de confianza poderá ser obxecto de publicación no enderezo da internet do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para a súa difusión e coñecemento.

3. Como moi tarde, o 1 de febreiro de cada ano, os prestadores cualificados de servizos de confianza remitirán ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital un informe sobre os seus datos de actividade do ano civil precedente, co obxecto de que este cumpra as obrigas de información á Comisión Europea.

4. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital informará a Axencia Española de Protección de Datos en caso de resultaren infrinxidas as normas sobre protección de datos de carácter persoal, así como sobre os incidentes en materia de seguridade que impliquen violacións dos datos de carácter persoal.

TÍTULO V

Infraccións e sancións

Artigo 18. *Infraccións.*

1. As infraccións dos preceptos do Regulamento (UE) 910/2014 e desta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) A comisión dunha infracción grave no prazo de dous anos desde que fose sancionado por unha infracción grave da mesma natureza, contados desde que se dite a resolución sancionadora firme.

b) A expedición de certificados cualificados sen realizar todas as comprobacións previas relativas á identidade ou outras circunstancias do titular do certificado ou ao poder de representación de quen o solicita no seu nome, sinaladas no Regulamento (UE) 910/2014 e nesta lei, cando iso afecte a maioría dos certificados cualificados expedidos no ano anterior ao inicio do procedemento sancionador ou desde o inicio da actividade do prestador, se este período é menor.

3. Son infraccións graves:

a) A resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora dos órganos facultados para levala a cabo conforme esta lei.

b) Actuar no mercado como prestador cualificado de servizos de confianza, ofrecer servizos de confianza como cualificados ou utilizar a etiqueta de confianza «UE» sen ter obtido a cualificación dos citados servizos.

c) En caso de que o prestador expida certificados electrónicos, almacenar ou copiar, en por si ou a través dun terceiro, os datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web da persoa física ou xurídica á cal lle prestasen os seus servizos, salvo en caso da súa xestión en nome do titular.

d) Non protexer adecuadamente os datos de creación de sinatura, selo ou autenticación de sitio web cuxa xestión se lle encomendase na forma establecida no artigo 9.1 b) desta lei.

e) Non rexistrar ou conservar a información a que se refire o artigo 9.3 a) desta lei.

f) O incumprimento da obriga de notificación de incidentes establecida no artigo 19.2 do Regulamento (UE) 910/2014, nos termos previstos no artigo 13 desta lei.

g) En caso de prestadores cualificados de servizos de confianza, o incumprimento dalgunha das obrigas establecidas nos artigos 24.2, letras b), c), d), e), f), g), h) e k), 24.3 e 24.4 do Regulamento (UE) 910/2014, coas precisións establecidas, se é o caso, por esta lei.

h) A expedición de certificados cualificados sen realizar todas as comprobacións previas relativas á identidade ou a outras circunstancias do titular do certificado ou ao poder de representación de quen o solicita no seu nome, sinaladas no Regulamento (UE) 910/2014 e nesta lei, cando non constituía infracción moi grave.

i) A ausencia de adopción de medidas, ou a adopción de medidas insuficientes, para a resolución dos incidentes de seguridade nos produtos, redes e sistemas de información, no prazo de dez días desde que aqueles se producisen.

j) O incumprimento das resolucións ditadas polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para requirir un prestador de servizos de confianza que corrixa calquera incumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) 910/2014.

k) A falta ou deficiente presentación de información solicitada por parte do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital na súa función de inspección e control, a partir do segundo requirimento.

l) Non cumprir coas obrigas de constatar a verdadeira identidade do titular dun certificado electrónico e de conservar a documentación que a acredite, en caso de consignación dun pseudónimo.

m) O incumprimento por parte dos prestadores cualificados e non cualificados de servizos de confianza da obriga establecida no artigo 19.1 do Regulamento (UE) 910/2014 de adoptar as medidas técnicas e organizativas adecuadas para xestionar os riscos para a seguridade dos servizos de confianza que presten.

n) Non extinguir a vixencia dos certificados electrónicos nos supostos sinalados nesta lei.

o) A prestación de servizos cualificados carecendo do correspondente seguro obrigatorio, nos termos previstos no artigo 9.3 b) desta lei.

4. Constitúen infraccións leves:

a) Publicar información non veraz ou non acorde con esta lei e co Regulamento (UE) 910/2014.

b) Non comunicar o inicio de actividade, a súa modificación ou cesamento por parte dos prestadores de servizos non cualificados no prazo establecido no artigo 12 desta lei.

c) O incumprimento por parte dos prestadores cualificados de servizos de confianza dalgunha das obrigas establecidas no artigo 24.2, letras a) e i), do Regulamento (UE) 910/2014.

d) O incumprimento por parte dos prestadores cualificados de servizos de confianza da súa obriga de remitir un informe anual de actividade ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital antes do 1 de febreiro de cada ano.

e) O incumprimento do deber de comunicación establecido no artigo 9.3 c) desta lei.

f) A falta ou deficiente presentación de información solicitada por parte do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital na súa función de inspección e control.

Artigo 19. Sancións.

1. Pola comisión das infraccións recollidas no artigo anterior imponranse ao infractor as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves, unha multa por importe de 150.001 ata 300.000 euros.

b) Pola comisión de infraccións graves, unha multa por importe de 50.001 ata 150.000 euros.

- c) Pola comisión de infraccións leves, unha multa por importe de ata 50.000 euros.
2. A contía das sancións que se impoñan determinarase aplicando unha gradación de importe mínimo, medio e máximo a cada nivel de infracción, tendo en conta o seguinte:
- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
 - b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
 - c) A natureza e contía das perdas causadas.
 - d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.
 - e) O volume de facturación do prestador responsable.
 - f) O número de persoas afectadas pola infracción.
 - g) A gravidade do risco xerado pola conduta.
 - h) As accións realizadas polo prestador encamiñadas a paliar os efectos ou as consecuencias da infracción.
3. As resolucións sancionadoras pola comisión de infraccións moi graves serán publicadas no sitio da internet do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, con indicación, de ser o caso, dos recursos interpostos contra elas.

Artigo 20. Potestade sancionadora.

A imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderalle, no caso de infraccións moi graves, á persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e no de infraccións graves e leves, á persoa titular da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial.

Disposición adicional primeira. Fe pública e servizos electrónicos de confianza.

O disposto nesta lei non substitúe nin modifica as normas que regulan as funcións que corresponden aos funcionarios que teñan legalmente atribuída a facultade de dar fe en documentos no que se refire ao ámbito das súas competencias.

Disposición adicional segunda. Efectos xurídicos dos sistemas utilizados nas administracións públicas.

Todos os sistemas de identificación, sinatura e selo electrónico previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, terán plenos efectos xurídicos.

Disposición adicional terceira. Documento nacional de identidade e os seus certificados electrónicos.

1. O documento nacional de identidade electrónico é o documento nacional de identidade que permite acreditar electronicamente a identidade persoal do seu titular, nos termos establecidos no artigo 8 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, así como a sinatura electrónica de documentos.

2. Todas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, recoñecerán a eficacia do documento nacional de identidade para acreditar a identidade e os demais datos persoais do titular que consten nel, así como a identidade do asinante e a integridade dos documentos asinados cos seus certificados electrónicos.

3. Os órganos competentes do Ministerio do Interior para a expedición do documento nacional de identidade cumprirán as obrigas que a presente lei lles impón aos prestadores de servizos electrónicos de confianza que expidan certificados cualificados.

4. Sen prexuízo da aplicación da normativa vixente en materia do documento nacional de identidade en todo aquilo que se adecúe ás súas características particulares, o documento nacional de identidade rexerese pola súa normativa específica.

Disposición adicional cuarta. *Segredo da identidade dos membros do Centro Nacional de Intelixencia.*

O disposto nos artigos 7 e 8 desta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, en relación coa obriga de gardar segredo sobre a identidade dos seus membros.

Disposición transitoria primeira. *Comunicación de actividade por prestadores de servizos non cualificados xa existentes.*

Os prestadores de servizos non cualificados que xa viñesen prestando servizos deberán comunicar a súa actividade ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital no prazo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta lei.

Exceptúanse aqueles que tivesen comunicado os servizos prestados ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital antes da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Desenvolvemento regulamentario do documento nacional de identidade.*

Ata que se desenvolva regulamentariamente o documento nacional de identidade, manterase en vigor o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei e, en particular:

- a) A Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- b) O artigo 25 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.
- c) A Orde do Ministerio de Fomento do 21 de febreiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento de acreditación de prestadores de servizos de certificación e de certificación de determinados produtos de sinatura electrónica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.*

Modifícase o número 1 do artigo 2 da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, que queda redactado como segue:

«1. Sen prexuízo da utilización doutros medios de comunicación a distancia cos clientes, as empresas que presten servizos de especial transcendencia económica ao público en xeral deberánlles facilitar aos seus usuarios un medio seguro de interlocución telemática que lles permita a realización de, polo menos, os seguintes trámites:

a) A contratación electrónica de servizos, subministracións e bens, a modificación e finalización ou rescisión dos correspondentes contratos, así como calquera acto ou negocio xurídico entre as partes, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial.

b) A consulta dos seus datos de cliente, que incluírán información sobre o seu historial de facturación de, polo menos, os últimos tres anos e o contrato suscrito, incluídas as condicións xerais, se as houber.

c) A presentación de queixas, incidencias, suxestións e, se é o caso, reclamacións, garantindo a constancia da súa presentación para o consumidor e asegurando unha atención persoal directa.

d) O exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.*

Un. Modifícase o número 3 do artigo 326 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Cando a parte a quen lle interese a eficacia dun documento electrónico o solicite ou impugne a súa autenticidade, integridade, precisión da data e da hora ou outras características do documento electrónico que un servizo electrónico de confianza non cualificado dos previstos no Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior, permita acreditar, procederase conforme o establecido no número 2 do presente artigo e no Regulamento (UE) nº 910/2014.»

Dous. Engádesse un número 4 ao citado artigo 326, co seguinte teor:

«4. De terse utilizado algún servizo de confianza cualificado dos previstos no regulamento citado no número anterior, presumirase que o documento reúne a característica cuestionada e que o servizo de confianza se prestou correctamente se figuraba, no momento relevante para os efectos da discrepancia, na lista de confianza de prestadores e servizos cualificados.

Se aínda así se impugnar o documento electrónico, a carga de realizar a comprobación corresponderalle a quen presentase a impugnación. Se esas comprobacións obteñen un resultado negativo, serán as custas, os gastos e dereitos que orixine a comprobación exclusivamente a cargo de quen formulase a impugnación. Se, a xuízo do tribunal, a impugnación for temeraria, poderá impoñerse, ademais, unha multa de 300 a 1.200 euros.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.*

A Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo artigo 12 ter, que queda redactado como segue:

«Artigo 12 ter. *Obrigas relativas á portabilidade de datos non persoais.*

Os provedores de servizos de intermediación que aloxen ou almacenen datos de usuarios aos cales lles presten servizos de redes sociais ou servizos da sociedade da información equivalentes deberán remitir aos devanditos usuarios, por solicitude súa, os contidos que lles tivesen facilitado, sen impedir a súa transmisión posterior a outro provedor. A remisión deberá efectuarse nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica.

Así mesmo, deberán transmitir tales contidos directamente a outro provedor designado polo usuario, sempre que sexa tecnicamente posible, segundo prevé o artigo 95 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Para o cumprimento destas obrigas será aplicable o disposto no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.»

Dous. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 35 queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital controlará o cumprimento das obrigas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento por parte dos prestadores de servizos da sociedade da información, no que se refire aos servizos propios da sociedade da información, así como no Regulamento (UE) 2019/1150 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre o fomento da equidade e a transparencia para os usuarios profesionais de servizos de intermediación en liña, por parte daqueles provedores incluídos no seu ámbito de aplicación.»

Tres. Engádesse un novo artigo 36 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 36 bis. *Deber de comunicación das organizacións e asociacións representativas de usuarios profesionais ou dos usuarios de sitios web corporativos.*

As organizacións e asociacións que posúan un interese lexítimo de representación de usuarios profesionais ou dos usuarios de sitios web corporativos, e que, cumprindo cos requisitos do artigo 14.3 do Regulamento (UE) 2019/1150, solicitasen ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a súa inclusión na lista elaborada para o efecto pola Comisión Europea, notificarán inmediatamente ao citado ministerio calquera circunstancia que afecte a súa entidade que derive nun incumprimento sobrevido dos mencionados requisitos.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 37 queda redactado como segue:

«Os prestadores de servizos da sociedade da información aos cales lles sexa de aplicación a presente lei, así como os provedores incluídos no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 2019/1150, están suxeitos ao réxime sancionador establecido neste título.»

Cinco. Engádesse doce novas letras da j) á u) no número 3 do artigo 38, coa seguinte redacción:

«j) A exigencia do pagamento dun canon por atender a obriga prevista no artigo 12 ter, fóra dos supostos establecidos no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679.

k) O incumprimento habitual da obriga prevista no artigo 12 ter.

l) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga establecida no número 5 do artigo 3 do Regulamento (UE) 2019/1150 en materia de visibilidade da identidade do usuario profesional.

m) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña de calquera das obrigas en materia de restrición, suspensión e remate do servizo establecidas nos números 1, 2 e 3 do artigo 4 do Regulamento (UE) 2019/1150.

n) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña ou provedores de motores de busca en liña de calquera das obrigas en materia de clasificación establecidas no artigo 5 do Regulamento (UE) 2019/1150 que lles resulten aplicables.

o) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga de incluír nas súas condicións xerais a información exixida no artigo 6 do Regulamento (UE) 2019/1150 sobre os bens e servizos auxiliares ofrecidos.

p) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña ou dos provedores de motores de busca en liña da obriga de incluír nas súas condicións xerais a información exixida nos números 1 e 2, respectivamente, coas precisións establecidas no número 3 do artigo 7 do Regulamento (UE) 2019/1150, en materia de tratamento diferenciado de bens ou servizos.

q) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación da obriga establecida na letra a) do artigo 8 do Regulamento (UE) 2019/1150, así como o incumprimento habitual das obrigas contidas nas letras b) e c) do citado precepto.

r) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga de informar sobre o acceso a datos por parte dos usuarios profesionais establecida no artigo 9 do Regulamento (UE) 2019/1150.

s) O incumprimento habitual por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga de xustificar as restricións á oferta de condicións diferentes por outros medios prevista no artigo 10 do Regulamento (UE) 2019/1150.

t) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña que non sexan pequenas empresas da obriga de establecer un sistema interno e gratuíto para tramitar as reclamacións dos usuarios profesionais, nos termos previstos polo artigo 11 do Regulamento (UE) 2019/1150.

u) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña que non sexan pequenas empresas da obriga de designar polo menos dous mediadores, ou de calquera outra das obrigas en materia de mediación establecidas no artigo 12 do Regulamento (UE) 2019/1150.»

Seis. Engádense dez novas letras da j) á s) no número 4 do artigo 38, coa seguinte redacción:

«j) A exigencia do pagamento dun canon por atender a obriga prevista no artigo 12 ter, cando así o permita o artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679, se a súa contía exceder o importe dos custos afrontados.

k) O incumprimento da obriga prevista no artigo 12 ter, cando non constitúa infracción grave.

l) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga establecida no número 5 do artigo 3 do Regulamento (UE) 2019/1150, en materia de visibilidade da identidade do usuario profesional, cando non constitúa infracción grave.

m) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña de calquera das obrigas en materia de restrición, suspensión e remate do servizo establecidas nos números 1, 2 e 3 do artigo 4 do Regulamento (UE) 2019/1150, cando non constitúa infracción grave.

n) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña ou provedores de motores de busca en liña de calquera das obrigas en materia de clasificación establecidas no artigo 5 do Regulamento (UE) 2019/1150 que lles resulten aplicables, cando non constitúa infracción grave.

o) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga de incluír nas súas condicións xerais a información exixida no artigo 6 do Regulamento (UE) 2019/1150, sobre os bens e servizos auxiliares ofrecidos, cando non constitúa infracción grave.

p) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña e dos provedores de motores de busca en liña da obriga de incluír nas súas condicións xerais a información exixida nos números 1 e 2, respectivamente, coas precisións establecidas no número 3 do artigo 7 do Regulamento (UE) 2019/1150, en materia de tratamento diferenciado de bens ou servizos, cando non constitúa infracción grave.

q) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña das obrigas en materia de cláusulas contractuais específicas establecidas no artigo 8 do Regulamento (UE) 2019/1150, cando non constitúa infracción grave.

r) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga de informar sobre o acceso a datos por parte dos usuarios profesionais establecida no artigo 9 do Regulamento (UE) 2019/1150, cando non constitúa infracción grave.

s) O incumprimento por parte dos provedores de servizos de intermediación en liña da obriga de xustificar as restricións á oferta de condicións diferentes por outros medios prevista no artigo 10 do Regulamento (UE) 2019/1150, cando non constituía infracción grave.»

Sete. O artigo 43 queda redactado como segue:

«Artigo 43. *Competencia sancionadora.*

1. A imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderá, no caso de infraccións moi graves, á persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e no de infraccións graves e leves, á persoa titular da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial.

Malia o anterior, a imposición de sancións por incumprimento das resolucións ditadas polos órganos competentes en función da materia ou entidade de que se trate a que se refiren as letras a) e b) do artigo 38.2 desta lei corresponderá ao órgano que ditou a resolución incumplida. Igualmente, corresponderá á Axencia de Protección de Datos a imposición de sancións pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos 38.3 c), d) e i) e 38.4 d), g) e h) desta lei.

2. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co establecido ao respecto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nas súas normas de desenvolvemento. O procedemento terá unha duración máxima de nove meses contados desde a data do acordo de iniciación. O prazo máximo de duración do procedemento simplificado será de tres meses.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

Introdúcese unha nova disposición adicional sétima co seguinte contido:

«Disposición adicional sétima. *Incumprimento da prohibición de discriminación.*

O incumprimento da prohibición de discriminación prevista no artigo 16.3 desta lei e no Regulamento (UE) 2018/302 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de febreiro de 2018, sobre medidas destinadas a impedir o bloqueo xeográfico inxustificable e outras formas de discriminación por razón da nacionalidade, do lugar de residencia ou do lugar de establecemento dos clientes no mercado interior, e polo que se modifican os regulamentos (CE) 2006/2004 e (UE) 2017/2394 e a Directiva 2009/22/CE, reputarase desleal para os efectos da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, sen prexuízo do réxime de infraccións e sancións contido no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas que corresponden ao Estado en materia de lexislación civil, telecomunicacións e seguridade pública, conforme o disposto no artigo 149.1.8.^a, 21.^a e 29.^a da Constitución española.

O artigo 3 e a disposición derradeira segunda dítanse, ademais, ao abeiro do previsto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, o cal atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación procesual. Pola súa banda, a disposición adicional segunda dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, en relación coa competencia estatal exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase o Goberno para ditar as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

FELIPE R.

O presidente do Goberno
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN